



O CEBREIRO, fito e mito

Adela Leiro, Mon Daporta



Unha visita ao Cebreiro pódese xustificar por moitos motivos: o seu interese estratéxico, pola súa situación ao pé da porta de entrada das vías de comunicación da metade norte de Galicia desde tempos moi antigos; o seu interese histórico, por ser o primeiro núcleo pola que entraban na Galicia actual os peregrinos do Camino Xacobeo Francés; polo seu interese paisaxístico, no corazón das Serras Orientais entre as esgrevias serras dos Ancares e o Caurel, e ao pé das fontes dos ríos Navia e Lor; polo seu interese etnográfico, pola presenza das pallozas, monumentos históricos, compendio de armonía, sinxeleza e eficacia, onde o bo facer das xentes amosan a súa capacidade de adaptación ao entorno e ao medio ambiente; polo seu interese artístico, pois o Cebreiro acolle a igrexa de Santa María, un exemplo da solidez e a firmeza das igrexas de montaña, construída cos materiais do entorno (lousas e xistos), perfectamente asentados para conquistar resistencia aos elementos e ao paso do tempo, unha armonía significativa e un carácter propio e distintivo.

O Cebreiro é una pequena poboación do concello de Pedrafita do Cebreiro, na comarca dos Ancares Lugueses, que está situada a 1.300 m de altitude. No século IX, ao iniciarse a popularización do Camino de Santiago fundouse no Cebreiro una hospedería que daba acollida aos peregrinos do Camiño Francés (arredor do ano 863). Por orde do rei Alfonso VI pasou a depender da Orde de Cluny e dos monxes da Abadía de Saint-Geráud, da cidade francesa de Aurillac, que fundan o mosteiro de Santa María do Cebreiro. Nos anos seguintes O Cebreiro é obxecto de numerosos privilexios por parte da coroa (doación de terras, exención de pago de tributos...) polo que se converte na localidade máis importante da comarca durante a Idade Media. Máis adiante, coa reforma das ordes relixiosas españolas, convértese en priorato, mantendo unha gran importancia ata o século XVI. Nos tempos da Desamortización de Mendizábal (século XIX) vanse os monxes e abandónase o mosteiro. A hospedería sigueu funcionando baixo xestión privada.

Hoxe a aldea do Cebreiro é un importante centro de paso no que conviven peregrinos e turistas cunha importante oferta de servizos. A visita ao Cebreiro pódese facer en calquera época do ano. Para gozar de verdade de todo o seu esplendor hai que pasar a noite alí. Ver como se esvaece as derradeiras luces do día, mentras se resaltan as formas e se difuminan as cores da montaña, e erguerse cedo para ver mencer, contemplar como o primeiro sol da mañán viste de luz os montes do Courel e as pallozas. Unha ocasión excepcional sería poder gozar dun bo día no Cebreiro nevado.

Se dispoñemos de tempo hai moitas posibilidades para facer rutas no entorno do Cebreiro: camiñadas polos montes, visitas ás devesas e aos faiais (Liñares, Fonteformosa e Ríocereixa) e gozar da gastronomía local na que se inclúe o exclusivo queixo do Cebreiro.

COMO CHEGAR:

O máis cómodo é desde Pedrafita do Cebreiro, na autovía que vai da Coruña a Benavente. Tamén se pode chegar desde Sarria e Samos, seguindo o Camiño de Santiago ao revés, ou desde O Courel.





Igrexa de Santa María a Real. Formou parte dun mosteiro fundado no século IX que tivo gran importancia como institución hospitalaria no Camiño Francés da Ruta Xacobeá. O edificio do antigo hospital está convertido en hospedería. Acolle o cáliz e a patena, románicos, e as reliquias que fan referencia a Lenda do Santo Grial de Galicia ou Miragre da Eucaristía. Contan que polo ano 1300, nun día de forte tempestade, un home conseguiu chegar á misa percorrendo una longa distancia e pasando grandes apuros. O cura que oficiaba bulrouse de que fixese tan grande sacrificio para ver un anaco de pan e un pouco de viño. Deus, para castigar a falta de fe e caridade do cura, realizou o miragre de converter o pan e o viño en carne e sangue.



Val do Navia desde O Cebreiro. Polas abas das serras que o limitan pola dereita discorren as vías de comunicación de A Coruña e Lugo coa meseta.



As primeiras luces da mañán fan resaltar as formas do relevo das estribacións do Courel.



Vista xeral do Cebreiro situado nas estribacións da serra do Raíadoiro a 1.300 m de altura, entre os montes Pozo de Area (1.394 m) e o Chan da Poza (1.402).

Pallozas do Cebreiro

A palloza é unha construción única da que só quedan mostras na alta montaña luguesa e nas áreas limítrofes. É unha unidade na que se integra a vivenda e as dependencias necesarias dunha casa agro-gandeira: corte, forno, almacén...

A planta é circular ou elíptica e a construción está realizada cos materiais do contorno, aplicando técnicas elementais. Nas paredes úsase xisto e pedra de gran. Madeira, de castiñeiro ou de carballo, para vigas e soportes e palla centea para a cuberta. Os ocos son reducidos e escasos para evitar perdas de calor. O teito é cónico, alto e cunha boa inclinación para acoller un gran espazo de almacenamento, posibilitar e facilitar o escoamento da auga, desviar cara a fóra o peso da neve e permitir a saída do fume. O piso é terreo agás na zona da lareira que vai enlousado.

O espazo único permite a comunicación e o mantemento do gando sen necesidade de saír ao exterior nos peores días do clima rigoroso da montaña.



Interior dunha palloza museo.

